



Grupo Municipal
RIBEIRA

ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa demanda dunha **urxente e necesaria recuperación de fontes e lavadoiros na parroquia de Carreira, así como o acondicionamento dos seus accesos.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitos os mananciais existentes por todo o Concello, en concreto nesta parroquia de Carreira hai un bo número de fontes e lavadoiros que antigamente empregaba a veciñanza como lugar comunitario para lavar a roupa e tamén para recoller auga que levaban para as casas. A maior parte deles atópanse en estado de abandono, así podemos falar dos mananciais e lavadoiros de Pedrin, Vilar, Vixan, Carreiriña, Amendo e as fontes de cano de Parte o río, Fontenla, Laxes, Filgueira, etc. Estes elementos singulares da arquitectura popular atópanse esquecidos polo Goberno Municipal, tanto na súa propia estrutura como no seu entorno e accesos. Cada vez son menos os veciños/as da parroquia e incluso de parroquias limítrofes que van a por auga as fontes. A xente queixase a cotío polo estado no que se atopan estas e os seus accesos. Para os nosos cativos pasa a ser un descoñecido este patrimonio cultural.

Os Concellos están na obriga de conservar todo este patrimonio co que contamos e mantelo nas mellores condicións para o uso e desfrute dos nosos cidadáns. Xa foron moitos os concellos que nos últimos anos se aproveitaron das axudas do PEIM de Medio Rural para recuperar este patrimonio.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

ACORDO:

Que por parte do Goberno Municipal se acometa unha actuación integral que supoña a recuperación de fontes e lavadoiros na parroquia de Carreira, na que se inclúan:

- **Limpeza e mellora dos accesos.**
- **Saneamento dos regatos ou cursos de auga que están ao seu carón.**
- **Recuperación-restauración de fontes e lavadoiros.**
- **Colocación de paneis informativos, indicadores de localización, de potabilidade, etc.**

Ribeira, 13 de abril de 2009

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA